

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18 DE XULLO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00036489L.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria – urxente de data 6 de xullo de 2022.
- Extraordinaria – urxente de data 7 de xullo de 2022.
- Ordinaria de data 11 de xullo de 2022.
- Extraordinaria – urxente de data 11 de xullo de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00058728K.

Licenza de obra de adaptación de portal para a mellora de accesibilidade no edificio situado na Rúa Montero Ríos, 37.

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios Montero Ríos 37 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 39.812,48 euros e conforme o proxecto técnico presentado o 21/12/2021 e a documentación do 21/02/2022 e do 03/03/2022, obras de adaptación de portal para a mellora de accesibilidade no edificio situado na Rúa Montero Ríos, 37 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00028484H.

Licenza para a reparación da fachada leste do Pazo de Raxoi sito na Prza. Do Obradoiro

Acórdase conceder ao Consocio da cidade de Santiago licenza para realiza , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 386.011,21 € e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto da Oficina Técnica do Consorcio da cidade de Santiago asinado na data 10/01/2022, obras de mantemento e reparación da fachada leste do Pazo de Raxoi situado na Praza do Obradoiro,1 Santiago de Compostela.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/208/2020.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza para o parcelamento da finca sita Lugar Marrociños.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 27 de maio de 2022, outorgada ante Notario co número de protocolo setecentos doce. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme documento presentado na data 10/02/2020 e a documentación técnica presentada o 14/06/2022, parcelamento da finca sita no Lugar Marrociños Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado:

PARCELA RESULTADO 2.682-B. Concentración parcelaria Eixo Marrozos, Santiago de Compostela, (A Coruña). Superficie Neta 1.133,00m2s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e

Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais (Superficie Bruta 4.947,13m2s e Superficie neta 4.555,43m2s).

* **PARCELA RESULTADO FINCA MATRIZ.** Concentración parcelaria Eixo Marrozos, Santiago de Compostela, (A Coruña). Superficie Neta 2.899,00m2s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais (Superficie neta 1.133,00m2s), e Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría protexido e Cualificado Ordenanza 19 Protección de Augas (Superficie Neta 1.766,00m2s).

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00058421J.

Aceptar cesión de viario e licenza para a parcelación en LG Rial de Laraño.

Acordase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 08/06/2022 outorgada ante, co número de protocolo mil trescentos vinte e seis. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 22/12/2021 e a documentación presentada o 09/02/2022 e o 14/06/2022, a parcelación, da finca sita no Lugar Rial de Laraño, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado:

PARCELA RESULTADO P01. Superficie Neta.- 823,30 m2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

PARCELA RESULTADO P02. Superficie neta.- 658,80 m2 Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

PARCELA RESULTADO P03. Superficie neta.- 10.157,15 m2s (6.702,70 m2s+2.815m2s) máis 639,45m2 en O14 Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais, e Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Cualificado Ordenanza 19. De protección das Augas e Ordenanza 18 de Protección de Infraestruturas

PARCELA RESULTADO P04. Superficie neta.- 645,25 m2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como. Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00042669Q.

Plan Director da Facultade de Xeografía e Historia situada na Praza da Universidade, 1.

Apróbase o Plan Director da Facultade de Xeografía e Historia situada na Praza da Universidade, 1 Santiago de Compostela (A Coruña) redactado pola arquitecta da Oficina Técnica do Consorcio de Santiago de Compostela presentado o 22/09/2021 condicionado ao criterio de interpretación e ao necesario e preceptivo cumprimento das cautelas, condicións, correccións e modificacións que se enuncian nas consideracións técnicas do informe proposta da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais que aparecen numeradas do I ao VII e ás condicións recollidas no informe do Servizo de Arqueoloxía de data 07/04/2022 numeradas do VIII ao XII que se inclúen no devandito informe-proposta.

O informe favorable da Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 06/05/2022, incorporase ao documento do Plan Director e deberase ser tido en conta para a interpretación das súas determinacións e para fixar o seu alcance, en tanto non sexa modificado ou corrixido de acordo coas determinacións do citado informe.

A interpretación e a aplicación do Plan Director estará condicionado polo contido e condicións dese informe. Todos os proxectos e propostas de intervencións que se desenvolvan no futuro nese inmoble deberán ter en conta as determinacións do plan director e tamén as condicións e criterios de interpretación incluídos nese informe. As licenzas e autorizacións futuras que se outorguen ás posibles intervencións que se promovan para desenvolver este plan director deberán respectar e axustarse ao criterio de interpretación e ao condicionado que se establece nese informe.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00019155G.

Licenza para a instalación de piscina privada en R. Cima da Eira, 21

Acórdase conceder licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 7.018,00 euros e conforme o proxecto de data de visado do 12/05/2022, a instalación de piscina privada na Rúa Cima da Eira, 21 Santiago de Compostela (A Coruña).

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00005543X.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza para a parcelación finca sita en Sitio de Calvente. Parcela nº 1050. Vilafernández Parroquia de Marantes.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 12/04/2022 outorgada ante Notario co número de protocolo catrocentos noventa e cinco. Deberase presentar a escritura de cesión liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 02/02/2022, a parcelación finca sita en Sitio de Calvente. Parcela nº 1050. Vilafernández Parroquia de Marantes, Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado:

PARCELA RESULTADO 1050 A. Sup Neta 19.150m2s O16 10.856m2s O13 7.548m2s O14 973m2s (Sup Bruta. 19.377m2s Cesión 227). Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 13. De núcleo rural (7.548m2s) e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais (973m2s), e Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria (7.548m2s).

PARCELA RESULTADO 1050 B. Sup Neta 2.331,00m2s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00002315N.

Licenza de segregación na Rúa Ponte de Sar 32 e 34

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 04/05/2022, a segregación na Rúa Ponte de Sar 32 e 34 Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado.

PARCELA DE RESULTADO 1. Superficie Bruta e Neta 705 m2s. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado e Cualificado Ordenanza 3 Edificación en Liña Variante A Urbana. –Casa dotada de tres portais e solar.

PARCELA DE RESULTADO 2. Superficie Bruta e Neta 279m2s. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado e Cualificado Ordenanza 3 Edificación en Liña Variante A. Casa, patios e dúas edificacións accesorias.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00041538N.

Licenza de OBRA NOVA para construción de dous naves industriais sen uso definido na rúa Polonia, 41.

Acórdase CONCEDER a DMADVANCE INVEST S.L, licenza de OBRA NOVA para construción de dous naves industriais sen uso definido na RUA POLONIA, 41, segundo Proxecto básico e de execución co visado colexial de data 03/09/2021 e anexos co visado colexial de 03/09/201 e anexo con data de rexistro de 02/03/2022, baixo a dirección facultativa do proxectista. As actuacións consistirán na construción de dous naves industrias sen uso específico de planta baixa, nas parcelas de resultado 78.1 e 78.2 do Proxecto de reparcelación do Plan Parcial do SUNHP-37, 1º sector, cunha superficie construída cada unha de 600,08 m², e altura máxima de 7,50 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza E2 do Plan parcial do SUNP-37, 1º sector.

11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00019938M.

Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010 e conceder licenza para as obras de reestruturación interior do edificio sito na Rúa da Ensinanza, 5.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 22/06/2022 para obras de reestruturación interior do edificio sito na Rúa da Ensinanza, 5 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.-Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 68.400,00 euros e conforme o proxecto presentado na data 22/04/2022, obras de reestruturación interior do edificio sito na Rúa da Ensinanza, 5 Santiago de Compostela (A Coruña)

12. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00019425K.

Licenza para a construción de vivenda unifamiliar na finca sita en Lugar Rial Laraño.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 140.000,00 euros e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 18/03/2022, e a documentación presentada o 31/05/2022 e o 23/06/2022, a construción de vivenda unifamiliar na finca sita en Lugar Rial Laraño, Santiago de Compostela (A Coruña).

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00032340X.

Adxudicación do contrato baseado nun acordo marco para a contratación do seguro de accidentes dos empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela, á empresa MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Adxudicar o Contrato baseado nun acordo marco para a contratación do seguro de accidentes dos empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela, ao resultar a súa proposta a economicamente máis vantaxosa, tal como acredítase nos Anexos I, II e III, á empresa MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA, por un importe de **15.902,02** euros con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 2240300 conforme ás seguintes anualidades e importes, quedando, a anualidade 2023, sometida á condición suspensiva da existencia de crédito:

2022: 7.951,01 euros

2023: 7.951,01 ?euros

Esta prestación está exenta de IVE.

Este Contrato baseado de seguro de accidentes dos empregados municipais terá vixencia, desde as 00:00 horas do día 11 de xullo de 2022 até as 23:59 horas do 10 de xullo de 2023. Con independencia da data de adxudicación do contrato, da notificación ao licitador adxudicatario, da firma do contrato ou da data de pago da prima, o efecto do seguro e, en consecuencia, a cobertura outorgada pola compañía aseguradora empezará na data anteriormente indicada polo que a entidade aseguradora adxudicataria estará obrigada a satisfacer as indemnización que proceda abonar de acordo coas condicións establecidas xa que o contrato despregará toda a súa eficacia a partir das 00:00 horas do día 11 de xullo de 2022.

SEGUNDO.- Comunicar esta resolución á adxudicataria e ao resto de licitadoras a través da Plataforma informática da Central de Contratación, publicar esta resolución no Perfil do contratante desta Entidade Local e notificar a mesma conforme ao establecido na LCSP.

TERCEIRO.- A presente Resolución pode ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ou ben directamente ante a xurisdición contenciosoadministrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033385R.

Prórroga do contrato baseado no Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a mediación de riscos e seguros suscrito con WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA dun ano a contar dende o 27/07/2022

Acórdase prorrogar, coas características e condicións iniciais pactadas, o contrato baseado no Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a mediación de riscos e seguros suscrito por este concello con WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA.

A duración do acordo desta segunda prórroga do contrato baseado será dun ano que se contará desde o 27/07/2022

15. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Ampliación do réxime de residentes en zona 3, San Pedro.

Apróbase a ampliación do réxime de residentes da zona 3, San Pedro, coa inclusión das rúas Triacastela e Altiboia, neste réxime, para que os residentes das mesmas, unha vez comprobado que cumpren os requisitos establecidos na Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes poidan obter o correspondente distintivo de aparcamento. Para xeral coñecemento deste acordó publicárase na páxina web do Concello e nos xornais de difusión local.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de novembro de 2020 habilitáronse 30 prazas de estacionamento reservadas na rúa Altiboia, para residentes da zona 3, por mor do déficit de prazas durante a execución das obras de Concheiros e da Avda. de Lugo. Posteriormente, por acordo do mesmo órgano de 25 de abril de 2022, aprobouse a modificación da zona de residentes nº 3 de San Pedro, para incluír no réxime de residentes unha serie de números da Avda. de Rodríguez de Viguri e da Avda. de Lugo. Asemade, acordouse a aplicación do aparcamento de Altiboia con 9 prazas máis as 20 que xa tiña de 24 horas para residentes da zona 3, San Pedro, co réxime do horario nocturno.

E tamén, entre outras medidas, se destinan 28 prazas de estacionamento de Triacastela a residentes da zona 3 de San Pedro.

Todo elo, supuxo o incremento importante de prazas de estacionamento para a zona 3 San Pedro, poren non se incluíron no réxime de residentes da zona 3, San Pedro, as rúas Triacastela e Altiboi, o que agora se propón, para que poidan acceder ás prazas de estacionamento os residentes destas rúas, que reúnan os requisitos legalmente.

16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00026687L.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 02 de Agosto de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental para o ano 2021.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 02 de Agosto de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cinco mil euros (5.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800002 con N° de Referencia 22021005344 e N° de Operación 220210017418 (16/05/2022) recollida no orzamento xeral para o ano 2022.

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020816J.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 02 de Agosto de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM) para o ano 2021.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 02 de Agosto de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM) para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de nove mil (9.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800004 con nº de referencia 22021005000 e nº de operación 220210017409 (16/05/2022) reflectida no orzamento xeral para o ano 2022.

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021680A.

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 28 de Xullo de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela para o ano 2021.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 28 de Xullo de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de nove mil novecentos cincuenta e nove euros con vinte e nove céntimos de euro (**9.959,29 €**), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800019 con nº de operación 220210017435 (16/05/2022) reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022.

19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021686D.

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para o ano 2021.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de oitocentos trinta e cinco euros con sesenta e tres céntimos de euros (835,63 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800010 con Nº de referencia: 22021005221 e Nº de Operación: 220210017415 (16/05/2022) reflectida no orzamento xeral para o ano 2022.

20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00019242A.

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 de Agosto de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española (Programa Semus Compostela) para o ano 2021.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 de Agosto de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española (Programa Semus Compostela) para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de noventa e nove mil cincuenta e catro euros con vinte céntimos de euro (**99.054,20 €**), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800014 con nº de referencia: 22021006495 e nº de operación: 220210016786 (16/05/2022) reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022

21. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018477Q.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Lucha contra las Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER CORUÑA) de data 11/07/2022 .

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a *Asociación de Lucha contra las Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER CORUÑA)* de data 11/07/2022 pola contía de 4.000 € para o financiamento do Programa: "Alcer 7 vidas. Programa de sensibilización en materia de doazón de órganos"

22. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018669R.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" de data 05/07/2022

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" de data 05/07/2022 para o financiamento do "Programa Terapia Acuática e Balneario", cunha contía de 3.000 euros.

23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018280A.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de data 05 de Xullo de 2022

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de apoio a los niños con enfermedades de larga duración, crónicas o terminales de data 05/07/2022 para o financiamento do *“Programa de tratamento psicoterapéutico para as familias con fillos/as con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais”*, cunha contía de 3.000 euros.

24. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019576B.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental FEAFES GALICIA) asinado en data 05 de Xullo de 2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental FEAFES GALICIA) asinado en data 05 de Xullo de 2022 para o financiamento do *“Programa de atención a persoas con enfermidade mental crónica e persoas sen fogar ou en grave risco de exclusión”*, cunha contía de 60.000 euros.

25. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019193L.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escuela de Tiempo Libre Don Bosco de data 05/07/2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escuela de Tiempo Libre Don Bosco de data 05/07/2022 para o financiamento do *“Proxecto de Intervención Educativa e Integración no Tempo Libre “Un Lugar para Ti”*, cunha contía de 5.000 euros.

26. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00020999P.

Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela de data 13 de Xullo de 2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela de data 13/07/2022 pola contía de 11.000 euros para o financiamento do Programa: *“Actividades dirixidas á formación, difusión e sensibilización en materia de Igualdade de Xénero”*.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036601Q.

Dación de conta da Sentenza recaída no PA 159/2020 CA1

Dase conta da Sentenza nº 275/2022. PA 159/2020 CA1

Obxecto: impugnación liquidación IIVTNU.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación. A demandante impugnou a liquidación do imposto de plusvalía que traía causa na adquisición dun inmovible entregado polos seus pais en virtude dun pacto de mellora, alegando que dende a adquisición por aqueles (2002) ata a súa entrega (2016), o valor do inmovible non se tiña incrementado, senón diminuído.

A xurisprudencia aplicada polo xulgado non é a última sentenza do TC que declarou nulos os preceptos deste tributo; senón a STC do 2017, alegada pola recorrente, que declarou inconstitucional o imposto se non había incremento de valor; e a STS do 2018, que viño a dicir que esta falta de incremento podía demostrarse a través das escrituras de transmisión.

No presente caso, o xulgado entendeu que estaba acreditada a falta de incremento porque en ambas escrituras o valor do piso era o mesmo; polo que estima o recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tesourería para a súa execución.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036608T.

Dar conta de sentenza recaída no PA 160/2020 CA1

Dase conta da Sentenza nº 271/2022. PA 160/2020 CA1

Demandante: Autobuses Urbanos SA

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo. Contía: 1.035,54 €.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación. O Concello opúxose á demanda presentada, entendendo que a rotura do manguito hidráulico non se pode producir por rozar os baixos do autobús ao pasar por unha fochanca de 8 cm de profundidade. Aínda que non hubo testemuñas, o xulgado considera acreditados os feitos pola intervención da Policía Local, que certificou a existencia dunha mancha de aceite, que ademais foi eliminada polo SEIS.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036595X.

Dar conta da sentenza recaída no PO 654/2020 do Xulgado do Social núm. 4

Dase conta da Sentenza nº 189/2022. PO 654/2020 XS 4

Obxecto: diferenzas retributivas C1-20 e A2-22

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036606K.

Dación de conta da sentenza de apelación AP 72/2022

Dase conta da Sentenza nº 587/2022. AP 0072/2022 TSX, PA 097/2021 CA2

Obxecto: pase á situación de excedencia voluntaria de funcionaria interina.

Acordase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento e execución unha vez firme.

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036594D.

Dar conta de sentenza recaída no AP 4107/2022 do po 401/2019 CA1

Dase conta da Sentenza nº 284/2022. AP 4107/2022 TSX, PO 401/2019 CA1.

Recorrente: Concello de Santiago de Compostela e Xunta de Compensación SUNP-25 Roxos

Obxecto: Proxecto Complementario do Proxecto de Urbanización SUNP-25 (Roxos)

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación. A sentenza de instancia, ditada polo Xulgado santiagués, viña de anular o acordo da Xunta de Goberno Local que aprobou o proxecto complementario porque, recoñecéndose un desaxuste entre as actuacións inicialmente proxectadas e as que tiñan que executarse finalmente -por mor da técnica empregada na elaboración dos planos, existía un desvío de 30 cm na beirarrúa, que obrigaba á derruba de parte dun muro e construción lindeira e a expropiación do espazo-; estas actuacións non estaban reflectidas no proxecto de equidistribución e, polo tanto, indemnizadas. Dende o punto de vista profesional, o xulgado inclinouse pola pretensión da demandante ao darlle máis verosimilitude á declaración do seu perito que á do arquitecto da Xunta de Compensación.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación. Non obstante, se o problema non é o axuste das actuacións, senón a súa falta de indemnización; semella máis práctico non recorrer a sentenza, e tramitar un “novo” proxecto de urbanización xunto cunha “actualización” do proxecto de compensación, para que se recollan as indemnizacións omitidas.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento e execución unha vez firme.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036602V.

Dar conta de sentenza recaída no AP 7036/2022 TSX PO 128/2019 CA2

Dase conta da Sentenza nº 275/2022. AP 7036/2022 TSX, PO 128/2019 CA2

Obxecto: sentenza do CA 2 que anula a resolución pola que foi incrementado o aforo na discoteca “La Facultad”.

A sentenza de instancia, ditada polo Xulgado santiagués, viña de anular a resolución municipal pola que se incrementou o aforo da discoteca “La Facultad”, porque esta tiña licenza para funcionar como sala de festas, non como discoteca; e non cumpría os requisitos que a normativa esixe para este tipo de actividade.

O Concello non recorreu a sentenza pola seguintes razóns:

“tendo en conta a discrepancia entre a licenza de actividade e a actividade efectivamente desenvolvida, así como o incumprimento de requisitos como sala de festas; sen prexuízo da legalización das obras para incrementar o aforo, por falta de impugnación polas demandantes, o certo é que estamos a falar dunha cuestión de seguridade na que a aplicación da normativa é estrita; o que fai anticipar unha desestimación do recurso”.

En apelación, a recorrente argumentaba, en síntese, que cando foi concedida a licenza, en 1980, a normativa non esixía os requisitos cuestionados (escenario e camerinos), polo que non se lle poden esixir agora; e de non esixirse, o aforo máximo debe calcularse segundo as características actuais do local, e non atendendo a eses elementos que non ten.

O TSX rexeita o recurso, en primeiro lugar, porque non contén unha auténtica crítica xurídica á sentenza impugnada. En canto aos motivos alegados:

a. O feito de que a licenza fose concedida en 1980 non exime ao seu titular da obriga de que a configuración do local responda ao que esixe actualmente a norma. Ademais, este é un motivo que non foi debatido -e tido en conta- pola sentenza recorrida.

b. O anterior, máis tendo en conta que a recorrente pretende un incremento de aforo, ao abrigo da normativa actual. É dicir, se aplica unha no seu pretendido beneficio, debe aplicar toda. En definitiva, o TSX segue a liña exposta pola Asesoría Xurídica para non recorrer a sentenza de instancia.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir ao Servizo de Licencias para o seu coñecemento e execución unha vez firme.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036610W.

Dar conta de sentenza recaída no PA 038/2022 CA2

Dase conta da Sentenza nº 162/2022. PA 038/2022 CA2

Obxecto: sanción de 300 euros e perda de dous puntos por exceso de velocidade.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante, avogado, ten rexistrado o vehículo no seu despacho profesional. Durante a pandemia, o cinemómetro do Restollal detectou o exceso de velocidade, incoándose expediente sancionador, e requiríndose a aquel para a identificación do condutor infractor. O requirimento foi notificado naquel despacho. E non foi atendido.

Consecuencia do anterior, o primeiro expediente arquívase, incoándose outro novo pola infracción de non colaboración. Desaparece a perda de puntos, pero triplicase a contía, de 300 a 900 euros. Esta segunda incoación é notificada no mesmo domicilio que o anterior. E o demandante presenta escrito de alegacións:

- a. O primeiro expediente foi notificado no seu traballo, cando estaba confinado e non podía recibir a notificación.
- b. A falta de resposta debe entender como recoñecemento da autoría dos feitos.
- c. Identifícase como condutor.
- d. E solicita volver ao expediente anterior (infracción por exceso de velocidade).

As alegacións son estimadas, arquivándose o segundo expediente e abríndose

un terceiro, idéntico ao primeiro, con novo trámite de alegacións. As alegacións son rexeitadas, impoñéndose a sanción de 300 euros e perda de 2 puntos. Recorrida en reposición, aquela é confirmada.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036444C.

Dar conta de sentenza recaída no procedemento PA 103/2022 CA 2 de Vigo

Dase conta da Sentenza nº 158/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo. Procedemento Abreviado 103/2022

Obxecto: Contra sanción de 300 euros e detración de 2 puntos no permiso de conducir.

A sentenza, declarada firme na dilixencia de ordenación do 1.07.2022 é desfavorable aos intereses municipais, xa que conclúe que non se cumpren as esixencias formais contidas no apartado 1.10 Anexo III, apéndice XII da Orde ITC/155/2020 relativas a que a detección da infracción debe plasmarse en dúas instantáneas.

Contra a sentenza non cabe recurso ningún. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento tráfico e circulación cidadá para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo, nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza

35. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00036489L.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 8 ao 14 de xullo de 2022.

URXENCIAS

36. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00036589G

Acórdase manter a forma de xestión indirecta mediante concesión de servizos, nos termos do artigo 15 en relación cos artigos 284 e seguintes da LCSP, do servizo do ciclo integral da auga en Santiago de Compostela, que será sometida a ratificación polo pleno. . Esta proposta vaise levar a pleno.

Segundo a proposta, baseada na conclusión de dous estudos, “o servizo público que abarca o ciclo integral da auga non deixa de serlo polo mero feito de que a súa xestión sexa directa ou indirecta; non obstante, os servizos públicos deben prestarse da forma máis eficiente e sostible para os cidadáns e para a propia administración que o presta, e, a estes efectos, son varios os informes recabados para a toma de decisión pola Corporación municipal”.